



Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Tfí: 981 81 04 51
Fax: 981 11 72 98

ANUNCIO: NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO DE LOCAL DO CONCELLO DE PADRÓN.

En cumprimento do establecido nos artigos 46, 52 e 53 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, faise pública o seguinte Decreto do Alcalde número 475/2023, do 3 de xullo:

<<Considerando ao establecido no artigo 20.1. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases réximen local (LBRL), e no 52 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réximen xurídico das entidades locais (ROF), a Xunta de Goberno Local é un órgano necesario en todo municipio con poboación superior a 5.000 habitantes e estará integrada polo Alcalde e un número de concelleiras ou concelleiros non superior ao tercio do número legal dos mesmos, nomeados e separados libremente por aquel.

Considerando que segundo o establecido nos artigos 112 e 113 do ROF e artigos 49º e 50º do Regulamento orgánico municipal (ROM), publicado no Boletín Oficial da Provincia número 27 do 3 de febreiro de 1998 (modificación publicada no Boletín Oficial da Provincia número 293º, do 21 de decembro de 2007), a Xunta de Goberno Local (antiga Comisión de Goberno) celebrará sesións ordinarias cada 15 días no día e hora que fixe o señor Alcalde,

RESOLVO:

Primeiro. Nomear ás e aos seguintes concelleiros e concelleiras membros da Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón:

- DONA MARÍA JESÚS CAMPOS VARELA.
- DONA ANA BELÉN CASTRO GARCÍA.
- DON JOSÉ LUIS MARIÑO CASTRO.

Segundo. Celebrar as sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón os martes ás nove (09:00) horas cada quince (15) días naturais a contar desde a sesión constitutiva que terá lugar no prazo máximo de dez días hábiles dende a presente resolución.

Terceiro. Facultar ao señor Alcalde-Presidente para alterar, dentro da mesma ou seguinte semana na que correspondería realizala, o día e hora das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local que coincidan en día festivo ou inhábil.

Cuarto. Dar traslado da presente resolución aos diferentes servizos municipais e dar conta do mesmo ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión que se convoque.

Quinto. Ordenar a publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e notificala a todas as persoas interesadas coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.>>

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca